



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

CERTIFICACIÓN

Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Arzúa, **CERTIFICO** que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL en sesión celebrada o mércores 23 de xuño de 2021 **ACORDOU**

<<3. CONTRATACION

3.1. REQUERIMENTO ACLARACIÓN DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN OBRA SANEAMENTO CASTAÑEDA. EXPTE. TEDEC:2020/C003/000001

Visto expediente de contratación da obra denominada SANEAMENTO CASTAÑEDA (expediente Tedec: 2020/C003/000001).

Vista acta da mesa de contratación de 26/05/2021 na que se acorda por unanimidade dos seus membros requirir á licitadora CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ SL, para presentar a documentación indicada a cláusula 16.1 do PCAP salvo a que se atope inscrita no ROLECSP ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia así como constitución de garantía definitiva e tamén da complementaria, xunto coa documentación indicada nos apartados 11, 12, 13 e 14 de dita cláusula 16.1 do PCAP.

Vista documentación aportada polo licitador CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ SL en datas 28/05/2021 e 04/06/2021.

Visto informe de fiscalización da intervención municipal de 22/06/2021.

Considerando o disposto no artigo 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e 141.2, párrafo segundo da LCSP, no que se regula o trámite de subsanación de documentación, aplicable a este suposto conforme a doutrina, (Resolúcións 338/2018 e 806/2019 recurso 682/2019 do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais) en relación coa aplicación supletoria do artigo 73.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común.

En exercicio das competencias delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local en materia de contratación por decreto 496/2019 de data 19/07/2019, a Xunta de goberno local, por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Requirir á licitadora CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ SL, proposta como adxudicataria no contrato de obra de SANEAMENTO CASTAÑEDA, para que no prazo de **tres días hábiles a contar dende o seguinte o da recepción da notificación deste acordo** , aporte documentación complementaria aclaratoria relativa aos extremos seguintes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

1.- Respecto da acreditación das solvencias esixidas (tendo en conta que neste caso a solvencia non queda acreditada coa clasificación, porque dentro do grupo E, non ten o subgrupo 6 que se esixe no prego), polo tanto deberá acreditar:

- solvencia económica e financeira de conformidade co disposto na cláusula 7.2.1^a do PCAP
- solvencia técnica de conformidade co disposto na cláusula 7.2.1^b do PCAP

2.- Respecto á persoa á que se lle asinan funcións de encargado de obra, aclarar datos da súa relación coa empresa, toda vez non figura no listado de traballadores que figuran dados de alta, segundo informe de vida laboral de empresa.

3.-Respecto ao terceiro que se designará responsable en materia de prevención de riscos, debe aportarse título que o habilite a realización dos ditos traballos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a empresa requirida CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ SI e que se publique na plataforma de contratación do sector público.>>

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Arzúa, martes 29 de xuño de 2021

A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez	O alcalde, José Luis García López
---	--------------------------------------